

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A HERMANDAD GALLEGA DE VALENCIA (VENEZUELA) COA FINALIDADE DA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “PERFORACIÓN, MANTEMENTO, ADECUACIÓN E PLANTA DE ENCHIDO DE AUGA POTABLE”.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 158/2016, do 24 de novembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, a **Hermandad Gallega de Valencia** (Venezuela), representada neste acto polo presidente da entidade D. Manuel Fajín Recarey, con poder dabondo para comprometerse neste acto, consonte ao establecido nos estatutos da entidade.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e para estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias poden suscribir convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en concordancia co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.



SEGUNDO.- Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas mesmas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.

TERCEIRO.- De acordo co citado Decreto 76/2017, do 28 de xullo, a Secretaría Xeral da Emigración xestiona diversos programas tendentes a mellora da calidade de vida dos galegos e das galegas residentes fóra de Galicia que executa a través da estrutura das entidades galegas do exterior, polo que procura contribuír a conservación, fomento e promoción do seu patrimonio.

CUARTO.- En Venezuela reside unha gran colonia de persoas de orixe galega que, segundo o censo electoral de residentes no estranxeiro ó 01-09-2019, ascende a máis de 29.500. A situación social, política e económica pola que está atravesando repercute negativamente no conxunto da sociedade da que non se libran os galegos que alí viven, que están abocados a unha situación de carencia ou sofren unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria.

QUINTO.- A Hermandad Gallega de Valencia en Venezuela é unha entidade sen ánimo de lucro, e está inscrita como comunidade galega no Rexistro da Galeguidade, que ten entre outros fins o acollemento dos emigrantes galegos residentes na súa área xeográfica así como a difusión dos valores tradicionais, sociais e culturais de Galicia no estado de Carabobo.

A Hermandad Gallega de Valencia en Venezuela é a única entidade galega que existe no dito estado, agrupando actualmente a máis de mil douscentos socios emigrantes galegos e os seus descendentes, representativos da importante colonia galega residente en Carabobo, susceptible e potencial colectivo de persoas ás que están dirixidos os programas e as actuacións que executa a Secretaría Xeral da Emigración coa que está colaborando activamente.

Esta entidade está a desenvolver unha destacada labor social coa que trata de facer efectiva a mellora da calidade de vida dos seus asociados e entre as súas instalacións conta cun Centro de Día no que acolle anciáns pertencentes á colectividade galega emigrante.

Actualmente Venezuela sofre un desabastecemento de auga potable moi importante para a poboación de cuxos efectos non se libra a Hermandad Gallega de Valencia, que impide o seu normal funcionamento e afecta ós servizos que presta ós seus asociados.



Ante esta situación, dentro da labor social que desenvolve e como axuda ó gasto familiar que representa a adquisición de auga potable en establecementos privados, a Hermandade está compartindo os seus propios recursos hidráulicos con cerca de 2.000 familias asociadas de xeito gratuíto.

Esta falta de subministro público e a limitación dos recursos hidráulicos cos que contaba, obrigou a entidade a tomar decisións urxentes e inaprazables para paliar os seus efectos para cubrir tanto as necesidades internas como o aporte que realiza á colectividade galega en xeral. Polo que lle resultou necesario facer obras de perforación, mantemento, adecuación e instalación dunha planta de enchemento de auga potable, que permita incrementar a calidade da auga e a versatilidade para o enchido das botellas de 18 litros que é a que habitualmente usan as familias. A entidade non pode asumir cos seus ingresos propios a totalidade do custo desta instalación que, segundo os orzamentos presentados supón un montante de máis de 36.000 €.

SEXTO.- A Secretaría Xeral da Emigración estima que é necesario establecer unha colaboración coa Hermandade Gallega de Valencia que permita afrontar o custo das obras sinaladas no parágrafo anterior.

SÉTIMO.- A magnitude das obras e necesidade de acometelas con urxencia, tendo presente que é a única entidade asociativa galega con sede no Estado de Carabobo, de Venezuela, que ofrece á colectividade as prestacións enumeradas das que son receptoras a maioría dos galegos que alí residen, xustifican o interese público para a concesión directa e extraordinaria da subvención obxecto deste convenio por parte da Secretaría Xeral da Emigración ó amparo do disposto no artigo 19.4 c) da lei 9/2007. Do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de manter a saúde, o benestar social e a calidade de vida á colectividade de emigrantes galegos, residentes en Venezuela por razóns de carácter social e humanitario

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes,



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- *OBXECTO*

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes para contribuír ao financiamento das obras de perforación, mantemento, adecuación e instalación dunha planta de enchemento de auga potable, que permita incrementar a calidade da auga e a versatilidade para o enchido das botellas, que executa a Hermandad de Valencia en Venezuela.

SEGUNDA.- *CRÉDITO ORZAMENTARIO*

Co obxecto de colaborar no financiamento deste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración comprométese, a achegar con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.781.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, unha contía de **dez mil euros (10.000€)**.

TERCEIRA.- *COMPATIBILIDADE*

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

CUARTA.- *PRAZOS E MODOS DE PAGAMENTO*

O importe librarase no momento en que a entidade beneficiaria xustifique o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda.

QUINTA.- *PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN*

O prazo de xustificación deste convenio remata o 10 de decembro de 2019.

En virtude do disposto no Título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

O pagamento do saldo pendente efectuarase contra a presentación de conta xustificada que conterá a seguinte documentación:



- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do presente convenio, asinada polo representante da entidade.

- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio asinada polo representante da entidade.

- Relación clasificada dos gastos relacionados coas actividades e servizos prestados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.

- Documentos xustificativos dos gastos relacionados no parágrafo anterior, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que foran efectivamente pagados durante o período de vixencia do convenio e con anterioridade a data de finalización da súa xustificación.

Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. Non obstante, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, aceptárase a xustificación do pagamento mediante recibín do proveedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

En cumprimento do establecido no artigo 10.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, antes de procederse á sinatura do presente convenio e facerse efectivo cada pagamento, a entidade achegará certificado de residencia fiscal emitido polas autoridades competentes do seu país de residencia, así como as seguintes declaracións:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas Administracións Públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.





- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda co Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.

De non xustificaren o importe total da subvención obxecto do convenio, e sempre e cando se tivera acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

SEXTA.- REINTEGRO

Procederáse ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo. 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

SÉTIMA.- OBRIGAS DAS PARTES

1.- A entidade **Hermidade Gallega de Valencia** comprométese a:

- Realizar as labores de contratación, dirección, coordinación, ou intermediación, de ser o caso, ou cantas outras actuacións sexan precisas para levar a cabo as obras obxecto deste convenio.

- Executar as obras de perforación, mantemento, adecuación e instalación dunha planta de enchemento de auga potable, segundo o establecido na cláusula primeira.

- A Hermandad Gallega de Valencia remitirá á Secretaría Xeral da Emigración a información detallada acerca da súa actividade cando esta llo requira e, en todo caso, á conclusión do presente convenio.



- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Cuentas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os beneficiarios de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como os seus correspondentes logotipos.

- Facilitar a actuación dos técnicos da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.

- Subministrar á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Secretaría Xeral da Emigración das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

2.- A Secretaría Xeral da Emigración obrígase a:

- Achega do importe do financiamento previsto na cláusula segunda condicionada ao cumprimento do estipulado no presente convenio.

OCTAVA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dous representantes da Secretaría Xeral da Emigración, dos cales un será o presidente e dous representantes da entidade.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Proponer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 do outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirán instrucións nin ordes aos traballadores contratados para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.



DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE, SEGUIMENTO E COLABORACIÓN

En virtude do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o convenio deberá ser publicado a través da Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións a través da súa páxina web www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index.

O beneficiario da axuda coñece e consente a inclusión dos seus datos nos rexistros aos que, en virtude da normativa á que está sometido o convenio, deberá dársele publicidade a esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso de todas as partes para as obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMO TERCEIRA.- RÉXIME XURÍDICO

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións nos seus preceptos básicos e demais normativa que sexa de aplicación.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que deán lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación de responsabilidades relativas a subvención concedida que serán resoltas polo Secretario Xeral da Emigración) integraranse, interpretaranse e resolveranse motivadamente pola administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión de arbitramento que se establece neste convenio. Contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, non cabe recurso.



convenio, poderanse interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativos ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO CUARTA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2019, agás que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2019.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O SECRETARIO XERAL DA
EMIGRACIÓN



Antonio Rodríguez Miranda

O PRESIDENTE DA HERMANDAD
GALLEGA DE VALENCIA



Manuel Fajín Recarey

